



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Expediente núm. 2025/E001/000009
2026/G003/000044

DECRETO POLO QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA (BOLSA SE TRABALLO) COMO ORIENTADOR/A PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DOS CONCELLOS DAS PONTES, AS SOMOZAS E A CAPELA 2025/2026 FUNCIONARIO/A INTERINO/A, NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 2524/2025, do 5 de decembro (2025/G003/002640), procedeuse á convocatoria do proceso selectivo encamiñado á constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo á que acudir, para o nomeamento como funcionario/a interino/a (grupo A, subgrupo A2) na categoría de orientador/a do Programa Integrado de Emprego dos concello das Pontes, As Somozas e A Capela 2025/2026.

O anuncio da convocatoria e as súas bases foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia (BOP) núm. 240, do 16/12/2025.

O prazo de presentación de solicitudes principiou o 17 de decembro e rematou o 26 de decembro de 2025.

Mediante decreto núm. 4/2026, do 5 de xaneiro (2025/G003/002850), aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e das excluídas, concedendo un prazo de cinco días naturais para reclamacións e/ou subsanacións.

Durante o prazo referido anteriormente emendaron a súa solicitude varias das persoas aspirantes inicialmente excluídas, polo que procede a súa admisión.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. As bases número 5 e 6 das reitoras da convocatoria, establecen o seguinte:

“5. Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente ditará unha resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), e na páxina web municipal declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de **cinco (5) días naturais** seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Na resolución identificaranse ás persoas aspirantes que achegaron o certificado acreditativo do nivel de galego requirido e que, polo tanto, están exentas de realizar a proba de coñecementos da lingua galega.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado non emenden a súa exclusión, xustificando



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a concelleira-delegada de Área declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina web municipal. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do exercicio da fase de oposición. Tamén se designará o Tribunal que cualifique o proceso, nos termos especificados na base seguinte.

De non existir ningunha persoa excluída non se concederá o prazo de reclamacións a que se refire o primeiro parágrafo da presente base, procedéndose directamente a ditar a resolución aprobatoria da lista definitiva e demais extremos indicados na alínea anterior.

A publicación desta resolución no taboleiro electrónico e na páxina web iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Agás a convocatoria e as bases, que se publicarán no BOP, no taboleiro electrónico e na páxina web municipal, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de anuncios (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e da páxina web municipal.

6. Tribunal

Estará formado polo persoal que oportunamente se designe mediante resolución da concelleira-delegada de Área. A súa composición será: un presidente/a, un secretario/a (funcionario/a de carreira) e tres vogalías, coas respectivas persoas suplentes, respectando en todo caso a paridade home/muller e as normas establecidas no TRLEBEP.

Todas as persoas que integren o órgano de selección -titulares e suplentes- pertencerán a un subgrupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á categoría convocada. Na súa designación teranse en conta as garantías de imparcialidade e profesionalidade das persoas nomeadas.

En ningún caso poderá formar parte do órgano de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.
- b) O persoal funcionario interino, laboral temporal, ou laboral indefinido non fixo.
- c) O persoal eventual.
- d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores. As persoas integrantes do Tribunal deberán absterse de formar parte del cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. As persoas aspirantes poderán recusalas de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

O concello poderá esixir das persoas integrantes do tribunal declaración expresa de non acharse incursas nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Todas as persoas membros do Tribunal terán voz e voto nas deliberacións do mesmo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres das súas persoas integrantes, titulares ou suplentes, debendo estar presentes, en todo caso, as persoas que desempeñen a presidencia e a secretaría do órgano. De todas as sesións que teñan lugar a persoa que ocupe a secretaría redactará a correspondente acta.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de persoas asesoras, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. En particular, poderá designarse persoal asesor para a proba de coñecemento do galego, de ter que realizarse. Este persoal será designado polo concelleira-delegada de Área, ben con ocasión da designación do tribunal, ben posteriormente.

Para os efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría 2ª das sinaladas no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo”.

Segundo. Correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá ditar a presente resolución, en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía a través do decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, e modificado polo decreto núm. 2001/2024, do 5 de novembro (BOP núm. 216, do 8 de novembro).

Por todo o indicado anteriormente, a través do presente decreto, **RESOLVO:**

1. Aprobar a relación **definitiva** de persoas aspirantes admitidas e das excluídas, con indicación, respecto destas últimas, da causa ou causas de exclusión:

a) Persoas aspirantes inicialmente **incluídas:**

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 EQUIVALENTE OU
1	Amarelo Bellas, María	***2775**	SI
2	Bouza Naseiro, María Pilar	***9690**	SI
3	Del Valle Rodríguez, Gloria María	***3514**	SI
4	Gayoso López, María Noelia	***5432**	SI
5	López Cobelo, María Alejandra	***0127**	SI
6	Pérez Romero, María del Pilar	***1649**	SI

b) Persoas aspirantes inicialmente **excluídas:**

N.º	APELIDOS E NOME	DNI	CAUSAS DE EXCLUSIÓN
1	Cabaleiro García, Ana María	***7455**	1,4

CAUSAS DE EXCLUSIÓN:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

- (1) Non presenta título académico completo polas dúas caras.
- (2) Non achega o DNI ou achega o mesmo incompleto.
- (3) Non achega a titulación esixida nas bases da convocatoria.
- (4) Non achega Anexo III ou documento equivalente onde se faga constar que se cumpren todos os requisitos para participar esixidos na base núm. 3 (punto 4 das bases da convocatoria), ou o presenta ilexible.

As persoas aspirantes que achegaron o Celga 4 ou equivalente, ou superior, segundo se reflicte na anterior relación, están exentas de realizar a proba de lingua galega a que se refire a base específica núm. 9.1.2) das reitoras da convocatoria.

2. O feito de figurar na relación definitiva de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, nos termos das bases, se se comproba que non posúen algún ou algúns dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación no proceso selectivo.

3. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario de carreira ou laboral fixo deste concello, para integrar o **órgano de selección** (tribunal) na condición que en cada caso se indica.

-Presidencia:

Titular: Gema García Carballeira, persoal laboral asimilado ao subgrupo A2.
Suplente: Julia Guerreiro Rodríguez, funcionaria do subgrupo A2.

-Secretaría:

Titular: Susana Bellas Bermúdez, funcionaria do subgrupo A2.
Suplente: Ana María Barba Pazos, funcionaria do subgrupo A2.

-Vogalías:

1º)

- Titular: Ernesto Gancelo Herreras, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1.
- Suplente: José Sanjurjo Paz, funcionaria do subgrupo A2.

2º)

- Titular: Jose Manuel Campello Blanco, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1.
- Suplente: José Alvariño López, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1.

3º)

- Titular: M. Montserrat González Rivera, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1.
- Suplente: María del Carmen Rego Piñeiro, persoal laboral asimilado ao subgrupo A1.

Asesora: Margarita Rivera Piñeiro.

-Persoal colaborador:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

O órgano de selección (tribunal) poderá solicitar o auxilio de persoal administrativo ou subalterno de apoio, de ser necesario, designado de entre o persoal funcionario ou laboral da entidade local por esta Concelleira-Delegada.

4. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da proba práctica da oposición e convocar ás persoas aspirantes admitidas nos seguintes termos:

a) Día: **16 de xaneiro de 2026**

b) Lugar: **Casa Dopeso**, situado na Rúa Rosalía de Castro, 28 - As Pontes de García Rodríguez

c) Constitución do tribunal: **o 16 de xaneiro de 2025 ás 08:30 horas**

d) Realización da proba de avaliación (obrigatoria e eliminatoria): **9:00 horas**

e) **Convocar as persoas integrantes do tribunal** para a constitución do dito órgano no lugar, día e hora sinalados.

f) **Convocar as persoas aspirantes** para a realización da proba de avaliación no lugar, día e hora indicados. As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (DNI ou pasaporte).

5. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do Concello das Pontes de García Rodríguez. (<https://sede.aspontes.org/sxc/gl/informacion/tablon/index.html>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición do recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas, na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Ana María Pena Purriños